



RESUMO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA

Materia	Matemáticas. Ámbito científico tecnolóxico I	Curso	Módulo I (ESA)
Profesor/a	Rebeca Fraga Paz		

CONTIDOS

1. Números e álgebra	<p>Números naturais. Escritura, representación e operacións combinadas. Potencias e raíces cadradas.</p> <p>Números enteiros. Representación, valor absoluto e oposto, operacións combinadas e potencias con expoñente natural.</p> <p>Divisibilidade. Criterios de divisibilidade e descomposición factorial. Calculo de mcm e mcd.</p> <p>Números racionais. Fraccións equivalentes. Operacións combinadas. Potencias de fraccións.</p> <p>Relación entre números decimais e fraccións. Notación científica para grandes números.</p>
2. Xeometría	<p>Elementos básicos de xeometría no plano. Paralelismo e perpendicularidade. Ángulos e a súa relación. Construcións sinxelas.</p> <p>Figuras planas elementais. Clasificación de triángulos, cuadriláteros e polígonos.</p> <p>Sistema internacional de unidades: masa, lonxitude e volume. Múltiplos e submúltiplos.</p> <p>Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas.</p> <p>Circunferencia e círculo.</p>
3. Funcións	<p>Coordenadas cartesianas. Representación e identificación de puntos no sistema de eixes coordenados. Concepto de vector.</p> <p>Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de representación: linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula.</p>
4. Ciencia e tecnoloxía nas nosas vidas	<p>Arquitectura básica dos sistemas informáticos.</p> <p>Software: sistema operativo e aplicacións básicas.</p> <p>Deseño e produción de información dixital.</p> <p>Interacción na rede. Creación de produtos tecnolóxicos.</p>



AVALIACIÓN E RECUPERACIÓNS

Realizaranse probas escritas dunha ou dúas unidades didácticas e realizaranse un ou varios traballos en cada unidade didáctica.

A nota desta materia calcúlase facendo a nota media das probas escritas realizadas. Esta nota pode subir ou baixar ata un 30% segundo a actitude en clase e o traballo realizado polo alumno.

A nota obtida despois de aplicar a porcentaxe, aproxímase a dúas cifras decimais deste xeito:

- Ata as 75 centésimas corresponde ao enteiro anterior
- Noutro caso ao enteiro seguinte.
- Se o alumno acada unha cualificación igual ou maior que 3, farase a nota media coa parte de ciencias e obterase a nota do Ámbito científico tecnolóxico, que debe ser maior ou igual que 4,75 para superar o ámbito.
- Noutro caso farase unha *recuperación/subida de nota*, que:
 - incluírá toda a materia de matemáticas.
 - en ningún caso baixará a primeira nota.

Se unha vez calculada a media coa cualificación obtida nesta *recuperación/subida de nota*, o alumno non obtén un 4,75 ou mais, no mes de maio realizarase unha proba extraordinaria.

NOTA 1: Se o comportamento nun exame é non adecuado, incluído copiar, a nota dese exame será un cero.

NOTA 2: No caso de atoparnos nun escenario de confinamento a materia seguirá impartíndose de xeito non presencial, a través das canles xa utilizadas: videoconferencias, Classroom, Aula virtual, correo electrónico...

Se o confinamento se prolongara no tempo, contemplaríanse os seguintes cambios na programación:

- A nota media da avaliación calcularíase facendo unha media entre a nota dos exames (ao 50%) e a dos traballos realizados e enviados (ao 50%).
- Os exames non presenciais poderían ser a través da Aula virtual, utilizando ferramentas de videoconferencia, correo electrónico, ..., segundo se precise en cada proba.

O docente da materia avisaría ao alumando do cambio nos criterios de avaliación.

MATERIAL OBRIGATORIO

- Caderno cuadriculado. Bolígrafo azul e/ou negro. Calculadora científica.
- Rexistro na Aula virtual
- Acceso a internet (moi recomendable)

.....CORTAR PORAQUÍ PARA ENTREGAR AO PROFESOR/A.....

O/a alumno/a:.....

Recibín a información que figura neste documento, referente aos contidos e a avaliación da Materia: Matemáticas, incluída no Ámbito científico tecnolóxico da ESA Módulo I, para o curso 2020/2021.

Asdo: